

*David Castellanos Iglesias*  
Teléfono: 607-480-358  
E-mail: david\_ci@hotmail.com

## CMVMC PIÑO

Estimada Rocío:

Despois de darlle voltas ó tema da posta en valor da vosa Comunidade de Montes cheguei as seguintes conclusións:

1. A situación actual do monte, polo visto nas fotos que están colgadas da páxina web, indican que existe unha heteroxeneidade nos uso do solo, alternando zonas de cultivo e pradería con pequenas manchas de arboredo compostas principalmente de frondosas caducifolias coma carballos, algún castiñeiro e tamén chopos. Pode apreciarse que están implantadas algunha que outra repoboación de piñeiro.
2. Transformar todo isto nunha plantación monoespecífica, sexa da especie que sexa, será custoso xa que habería que retirar os pés existentes e repoboar con novas especies.

Visto o visto, sen máis información da que se ve nas fotografías aéreas e do que falamos por teléfono o pasado mércores estas son as miñas propostas para a vosa Comunidade de Montes:

### **1. Producción silvopastoril**

Este tipo de aproveitamentos **incrementan e diversifican a produción do monte**, acurtan prazos de retorno económico das inversións, reducen o combustible vexetal vivo do sotobosque, permiten unha maior integración da sociedade rural nas súas explotacións, facilitan o tránsito polo monte e **melloran os aspectos biolóxicos, estéticos e paisaxísticos**.

A miña proposta iría encamiñada a **produción de carne ecolóxica** de calquera tipo de gando, a estrutura do monte da para producir carne de ovella, vaca, cabra ou, incluso, porco celta.

As inversións a realizar consisten no peche do monte e pequenas infraestruturas tipo mangas de manexo para as actividades veterinarias ou refuxios, comedeiros e bebedeiros.

**Teñen un mantemento moi sinxelo**, xa que os animais pastan libres polo monte e só sería necesario xente no momento que se queiran meter os animais nos currais nas épocas de peor tempo para que están un pouco máis resgardados das inclemencias do tempo e, ademais, o mantemento das instalacións en caso de facelo debido ó seu deterioro

As rendas a obter virían pola venda da carne. Dado que sería produción ecolóxica, este tipo de produtos ten un gancho moi forte nos mercados e a súa demanda vai en aumento, xa que se trata dun **produto diferente e de calidade**.

No tocante as posibles axudas e subvencións para levar a cabo isto están as axudas de **AGADER, os cales subvencionarían ata nun 45 % o custo de inversión**. Como problema, polo que falei con eles, é que o proxecto debe ser singular, isto é, que non haxa ningún outro proxecto de similares características na zona, que se xere emprego con el e que teña unhas dimensións mínimas (non sei a partir de cantas hectáreas estaban a falar).

*David Castellanos Iglesias*

Teléfono: 607-480-358

E-mail: david\_ci@hotmail.com

## 2. Producións complementarias do monte

Unha das producións alternativas máis comúns sería a **producción de castaña**, sempre e cando existan soutos cunha superficie e capacidade de produción que permitan obter produción en cantidade suficiente coma para poder facer forza no mercado (non é o mesmo negociar con 100 toneladas que con 1.000).

A **inversión a realizar depende da situación actual do monte**, se existen soutos con superficie suficiente para producir castañas en cantidade so habería que centrarse nas labores silvícolas asociadas a este tipo de producións, isto é, conseguir un marco de plantación adecuado para o desenvolvemento da copa e a correcta iluminación e maduración do froito.

Nas zonas de cultivo pódese introducir máis castiñeiros ou plantar **outras especies atractivas** para a produción de froito **coma poden ser cerdeiras**, é máis, a madeira de cerdeira ten un **alto valor no mercado** e poderíase complementar a produción de froito coa de madeira.

O desenvolvemento normal desta actividade ben dado pola época de recolleita, cando fai falta man de obra en abundancia para realizar os traballos e, tamén, cando son necesarias labores silvícolas que serían realizadas por empresas con persoal cualificado.

Para este tipo de actividades **existen axudas convocadas por medio rural** para as repoboacións con frondosas caducifolias, onde entrarían castaños e cerdeiras, estas axudas aínda non foron convocadas este ano e supoño que acabarán saíndo tarde ou cedo xa que está previsto que saian.

Outra produción complementaria do monte que pode ser perfectamente **compatible** coa produción de madeira e incluso coa de froitos é a **producción de setas**. Esta actividade está cobrando cada vez máis importancia **debido a gran demanda** da restauración deste tipo de produtos sobre todo no País Vasco onde se paga a prezo de ouro os *hongos*, que son setas do xénero *Boletus*, e que aquí medran asociados as carballeiras e soutos, incluso poden aparecer en plantacións de piñeiro.

Para poder obter grandes cantidades de produción de setas é necesario a micorrización das raíces dos árbores. Dita micorrización é unha actividade sinxela, pero delicada xa que debe realizarse sobre as raíces máis finas. A micorrización debe facerse en outono e é a partir do ano seguinte cando se pode facer a explotación das setas.

O traballo que dá este tipo de actividade límitase a época de floración dos carpóforos (setas), no outono, sempre que se dean unhas condicións climatolóxicas favorables. **O mantemento tamén é mínimo** xa que só hai que ter control sobre o mato para que non cubra o terreo por completo e impida o acceso as setas.

Neste tipo de actividades son **subvencionables por medio de AGADER como actividades singulares** e, ademais ten **capacidade de arrastre** para outras empresas coma poden ser as de envasado dándolle así valor engadido o produto.

*David Castellanos Iglesias*

Teléfono: 607-480-358

E-mail: david\_ci@hotmail.com

### **3. Plantacións monoespecíficas**

Sen dubida esta pode ser a **actividade menos complicada de todas. A maior parte da inversión deste tipo de actividades faise ó inicio**, no momento da plantación. Ó ser unha labor mecanizada na súa maior parte (rozas, preparación do terreo) os custos elévanse e, ademais, son función das condicións do terreo.

O mantemento deste tipo de explotacións ven dada pola silvicultura asociada a cada especie, sendo o piñeiro a que máis traballo dá, aínda que, tamén é certo que se producen unhas rendas intermedias que fan a plantación algo máis viable. O principal problema é o tempo de inmovilizado que conleva este tipo de explotacións, xa que hai que esperar moitos anos (nalgúns casos máis de 100) para ver os ingresos.

**Existen subvencións, convocadas pola Consellería de Medio Rural**, para plantacións de todo tipo de especies, salvo para eucalipto. A condición que pon a Administración é que as terras non tivesen ningún tipo de actividade nos últimos dez anos. Esta subvención está prevista que saia, pero aínda non se fixo a súa convocatoria.

### **4. Conclusión final**

Espero que estimen a miña proposta e consideren conveniente que teñamos unha entrevista persoal, co obxectivo de tratar os aspectos necesarios para poder traballar conxuntamente.

Un cordial saúdo.

**David Castellanos Iglesias**  
**Enxeñeiro Técnico Forestal**  
**Colexiado nº 1.087**  
**Teléfono:607-480-358**